

Edicións Xerais vén de tirar do prelo o segundo volume da *Historia da Literatura Galega* escrita por Xosé Ramón Pena, que vai desde os Precursores deica ao momento de aparición das Irmandades da Fala.

Xa na primeira entrega fixemos evidente que era imprescindible unha obra deste tipo porque ata agora a literatura de noso foi vista de maneira parcializada. E non é que lle neguemos valor, desde logo, ás obras das que viñamos dispoñendo –moi especialmente a, xa mítica, *Historia da literatura galega contemporánea* de R. Carballo Calero, o ensaio de X. L. Méndez Ferrín *De Pondal a Novoneyra*, as diferentes edicións das cantigas trobadorescas, o *Dicionario da literatura galega* que hai anos publicou Galaxia ou os volumes que forman parte da proxecto Hércules–, pero nin que sexa pola aparición de novas ferramentas teóricas ou pola, afortunadamente, ampliación co tempo do corpus literario, cómpre dar por definitivo calquera manual de análise da literatura escrita nunha lingua ou dun país. En consecuencia, esta segunda entrega que nos ofrece Xosé

Ramón Pena vén cubrir de certo baleiros no mundo da teoría literaria entre nós.


E a empresa, realmente, non devíña doada, entre outras

## Unha nova visión do Rexurdimento

Enchendo baleiros

JOAQUIM VENTURA

razóns porque no mundo da crítica literaria –e máis en Galiza, onde sempre foi precaria– resulta complicado tentar nadar contra corrente. Pero tal proxecto xa o acometera Pena, sen embargo, no primeiro volume, cando non estableceu unha ruptura entre os textos redactados durante os habitualmente chamados Séculos Escuros e mais o agromado de novas mostras literarias en lingua galega que anunciaban o que, uns anos despois, callaría nos éxitos literarios que conformaron o que denominamos Rexurdimento e que excede o labor dese trío de grandes que foron Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez.



Polo tanto, resulta unha moi acertada solución comezar agora esta segunda entrega coa análise dos “precursores” (entre eles Xoán Manuel Pintos) –cuxo papel responde mellor a unha tarefa de “continuadores”–: elo imprescindible, entón, para o éxito do Rexurdimento, con Rosalía como mostra estelar, ao tempo que evidencia, e tal e como Pena subliña especialmente, de

que a literatura galega vén ser un Guadiana...pero menos.

Obviamente, e sen que teña que ser condición obrigada, a novidade da análise efectuada permitirá que os lectores estean á última canto ás aproximacións parciais. Mais alén das incorporacións bibliográficas e tamén do aproveitamento das novas correntes críticas, se non houberse un enfoque correcto, o traballo podería resultar estéril. Neste senso, foron moitos os críticos que lle esixiron á literatura galega uns niveis de éxito que nin sequera outras literaturas máis poderosas eran capaces de atinguir no seu espazo. Pois ben; Xosé Ramón Pena, acadada, e de sobras, todos estes obxectivos, situando con detalle e precisión as coordenadas sociais e políticas que tivo Galiza para forxar unha literatura de seu. Así, o autor resolve con rigor a disxuntiva entre popularismo e cultismo, como asemade a expresión do intimismo do eu poético, desde a Rosalía de *Cantares gallegos*, *Follas novas* e *En las orillas del Sar* –o que demostra a necesidade de acometer nun futuro inmediato unha historia da literatura en castelán feita en Galiza; non podemos confiar en que os críticos da literatura española lle presten atención dabondo–, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez, ata os autores a cabalo dos séculos XIX e XX.

PENA, Xosé Ramón, *Historia da literatura galega (II): De 1853 a 1916. O Rexurdimento*, Ed. Xerais, Vigo, 2014, PVP 25 €

## Plataforma coeducativa

Gañando microbatallas

MARÍA NAVARRO

Se unha catástrofe pode ser feliz, benvida sexa. Será o que pensan os personaxes dunha das últimas entregas coas que Kalandraka Editora agasalla os seus lectores mozos.

Adela Turín constrúe unha historia de superación representada, neste caso, por unha familia de ratos, que afronta as adversidades co ánimo e a valentía necesarias para sobrepoñerse a calquera situación negativa, provocada por unha desgraza que altera gravemente a orde regular das cousas.

Non é doado, mais a familia Rato que vivía moi ben acomodada entre a cocina e o armario dunha luxosa casa sofre un contratempo que a obriga a buscar outro acubillo no que pasar os días.

O cambio, obrigado polas circunstancias, non pode resultar mellor: os pequenos atopan nas novas estancias trebellos inservibles que os fan felices. Tamén viven o percorrido polo faiado da casa como auténticas aventuras nas que teñen a oportunidade de ollar e contemplar cousas nunca vistas.

Tamén o pai, que se ve obrigado a mudar os seus cómodos costumes, percibe na nova realidade que hai actividades que nunca fixera que agora lle resultan moi prazenteiras.

Mudar a forma de pensar ou actuar ante situacións complicadas semella unha boa forma de afrontar a vida e constitúe unha filosofía de vida na que os axentes implicados, reinventando plantexamentos vitais, superan circunstancias adversas con valentía e afouteza.


Dous valores que aparecen representados neste caso na nai que non dubida en ningún momento cal debe ser o seu papel e como ha de actuar.

Unha feliz catástrofe convértese neste sentido nun canto á figura feminina e á súa fortaleza, traspasa as fronteiras da desigualdade e instálase na coeducación como plataforma pola que deben camiñar nenos e nenas.

A reivindicación do papel da muller na sociedade faise oco alí onde hai persoas, nenos e maiores, dispostos a acadar un mundo máis humanizado que respecte a vida e a literatura, como arte evocadora das palabras, devén nun instrumento capaz de transformar o mundo.

Pola súa parte, a ilustradora, Nella Bosnia, encárgase de acompañar o texto cunha proposta plástica baseada no colorido que ten na humanización dos personaxes un dos seus valores fundamentais, ao representar escenas da vida cotiá como auténticas microbatallas que se van gañando día a día.

TURÍN, Adela e BOSNIA, Nella, *Unha feliz catástrofe*, Ed. Kalandraka, Pontevedra, 2014, PVP 15 €



O autor sitúa con detalle e acerto as coordenadas xerais das letras de noso

## Aprender dos mitos

Con beleza e con intriga

ESTRO MONTAÑA

Diego Marani (Ferrara, 1959) é un escritor italiano que se acaba de estreir en galego con *Nova gramática finesa*, novela verquida por Moisés Barcia en Rinoceronte. Tradutor e corrector de probas en Bruxelas, autor de artigos e dun libro de contos escrito en europanto –linguaxe artificial da súa invención–, Marani sorprende polas súas preocupacións lingüísticas, paixón que trasladou á novela nunha triloxía da que *Nova gramática finesa* (2000) foi a primeira entrega.

Ten declarado que o afán por conservar as linguas semella o asaño terapéutico que os gobernos practican cos doentes terminais; que a pureza lingüística é unha invención dos estados e que resulta absurda a pretensión de unificar os dialectos dunha lingua que se está perdendo; tamén que é preciso coñecer outras linguas e que o futuro de Europa está vencellado á mestura, sen que sexa grave a prevalencia do inglés.

En *Nova gramática finesa*, gañadora do Premio Grinzane Cavour, e éxito de vendas en Europa, considera a relación entre o home e a lingua como base da identidade. A lingua está unida ao berce, á orixe. “A lingua é a nai da nai vense a este mundo”. O

protagonista da novela é un soldado ferido en 1943, que esperta en Trieste, orfo de pasado e sen idioma. Polas iniciais das súas roupas, un médico de orixe finlandés, Friari Petri, deduce o suposto lugar de procedencia daquel mozo que, despois de estar en coma, renace sen memoria lingüística e sen pasado coñecido.

A obra utiliza o vello recurso do manuscrito encontrado e está narrada desde dúas perspectivas: un narrador en primeira persoa alterna co diario do



angustiado personaxe Sampo, diario que é corrixido, reconstruído e comentado polo médico que o envía a Finlandia, escenario onde debe recuperar o seu pasado e o seu idioma nativo. Neste

país a recuperación da lingua vai unido ao coñecemento dos mitos fundacionais, que o pastor protestante finlandés Kosela, predicador que recorre de continuo ao *Kalevala*, considera necesarios para establecer as bases dunha cultura nacional fronte a dous xigantes: Rusia e Alemaña, que están en guerra.

Sen dúbida, as dificultades

de Sampo por acadar a identidade nun país “estranho” como é Finlandia, son enormes. Desarraigo e desamparo van da man desde home que se fai continuas preguntas sobre o idioma, e que as veces fai fermosas reflexións sobre el, pero que, nalgún momento, semellan un pouco excesivas para o fluír da novela. A súa preocupación polo pasado será un lastre para vivir o presente e afrontar o futuro. E non saberá gozar da proximidade da enfermeira Ilma.

Nova gramática finesa tivo un amplo eco internacional. Resulta moi interesante a formulación da lingua como elemento de identidade e de relación social, e a idea de que a aprendizaxe dos mitos propios fronte aos dos viciños contribúe á formación da propia personalidade. Cómpre salientar as reflexións do protagonista, malia os excesos referidos ao finés, e o interese da narración para o lector pola súa beleza e pola intriga que acompaña ao personaxe principal. O final é tráxico e inesperado, xa que Sampo non nacera en Finlandia.

MARANI, Diego, *Nova gramática finesa*, (trad.) Moisés Barcia, Rinoceronte, Cangas, 2014, PVP 17 €